

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020261	IES Plurilingüe Terra de Turonio	Gondomar	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Oratoria	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	7
3.1. Relación de unidades didácticas	8
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	30

1. Introducción

O Instituto de Educación Secundaria Terra de Turonio é un centro público creado no ano 1999, sito en Gondomar e que recolle o alumnado dos centros adscritos: CEIP Serra-Vincios, CEIP Souto-Donas (Borreiros e Donas) e CEP Neira Vilas en Peitieiros.

O alumnado procede das parroquias de Vincios, Borreiros, Donas, Chaín, Couso, Morgadáns e Peitieiros, parroquias rurais en que o tipo de vivenda predominante é a unifamiliar.

O Concello de Gondomar ten unha poboación de 14.970 habitantes, dos que 7.469 son homes e 7.501 mulleres (Dastos do IGE, período 2022). Nas últimas décadas estase a observar un fluxo de familias que se asentan nestas zonas procedentes da cidade na procura dunha contorna máis tranquila.

A comunicación das parroquias co centro urbano é moi deficiente, pois aínda que existen pistas ou estradas entre elas, non existe transporte público. Por outra banda moitas estradas e pistas son excesivamente estreitas o que ocasiona problemas co transporte escolar.

En canto á dotación de rede de fibra, aínda que foi mellorando nos últimos anos, aínda non dá cobertura ao 100% do territorio do concello, o que pode repercutir negativamente na utilización de ferramentas dixitais e na realización das aulas de maneira telemática, cando isto se fai necesario.

As parroquias das que procede o noso alumnado contan

con centros culturais que organizan diferentes actividades lúdicas, culturais e manteñen actividades periódicas de carácter deportivo, musical ou teatral.

Cabe destacar a importancia nesta comarca do monte comunal e da xestión do gando no monte. Gondomar é un dos concellos do sur de Pontevedra en que se organizan máis curros, sendo esta unha actividade fulcral para a poboación, tanto pola súa importancia como actividade económica e de saneamento do gando, como actividade cultural e tradicional. Xustamente este feito motivou no seu día a realización das actividades agrupadas baixo a denominación de Ceibes no monte no noso centro.

Contextualización:

A materia de Oratoria oriéntase por unha banda a que o alumnado sexa igual de competente en lingua galega como o é en lingua castelá, pero, moi especialmente, a dotar aos discentes de ferramentas necesarias para que, partindo dos coñecementos da oratoria clásica e chegando ao que podemos chamar oratoria cotidiana, se poidan desenvolver eficientemente dun xeito oral.

Centramos a materia en tres eixos que consideramos fundamentais:

Comprender: O alumnado debe, non só entender o sentido xeral de textos sinxelos, senón tamén identificar a súa tese e os seus argumentos principais e secundarios de textos progresivamente máis complexos. Consecuentemente deben discernir opinión de información. Se observamos a distribución curricular observaremos que estes criterios se repiten ao longo de

todas as unidades. Esta decisión vén determinada precisamente pola importancia que outorgamos a estes aspectos, sen os que será imposible que o alumnado alcance boa parte dos obxectivos curriculares, toda vez que estes se relacionan con eixos estruturadores de todo acto discursivo.

Producir: Concibimos a materia dun xeito práctico. Por este motivo valoramos, ademais da adquisición de determinados conceptos, que o alumnado sexa capaz de elaborar textos cada vez máis complexos. Para expoñer ideas, para manifestar opinións, para elaborar argumentos. Toda manifestación oral debe ser estruturada, debe ter un fío condutor, un propósito, unha tese. Para conseguir intervencións eficientes é necesario que o alumnado sexa capaz de construír discursos escritos, tamén incluso para nutrir a capacidade improvisatoria.

Expoñer: Consideramos que a exposición é a cúspide do traballo anterior. Non obstante, aínda tendo un bo discurso escrito, a ausencia dunha boa capacidade para a xestión emocional pode arruinar eses momentos, na maioría de ocasións do día a día, irrepetibles. Se observamos a concreción curricular, observaremos tamén en consonancia co noso punto de vista práctico, que os contidos e criterios do bloque 4 son os que estarán máis presentes ao longo de todo o curso (habilidades emocionais, xestualidade ou dicción).

Alcanzar estes tres obxectivos implicará unha mellora significativa non só na vida académica do alumnado,

senón na súa vida persoal e profesional. A maioría das situacións comunicativas desenvólvense oralmente e, polo tanto, unha persoa que sexa capaz de expresarse con confianza, de xeito ordenado e asertivo, unha persoa que sexa capaz de falar con corrección, unha persoa que, en definitiva, saiba falar con todo o corpo, terá sen dúbida, unha maior facilidade para progresar individualmente e máis capacidade para contribuír a mellorar o conxunto da sociedade.

Oratoria é, ademais, unha materia que contribúe a mellorar todas as competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística: se cadra, a máis evidente, toda vez que a palabra tanto na súa vertente escrita como oral é o recurso fundamental da materia.

Competencia dixital: o alumnado deberá avanzar na súa alfabetización, deberá empregar ferramentas dixitais para a presentación dos seus traballos pero tamén procurar información en fontes fiables.

Competencia emprendedora: en cada trimestre o alumnado deberá realizar un traballo de forma autónoma pero supervisada sobre temas que avalíen axeitados.

Competencia plurilingüe: conseguir que o alumnado sexa capaz de elaborar discursos en lingua galega servirá tamén para avanzar nesta competencia e acadar un plurilingüismo real.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender: o alumnado deberá ler e comprender textos, subliñar e realizar esquemas ademais de profundizar nos seus coñecementos procurando información, o que contribuirá

tamén a adquisición desta competencia.

Competencia en conciencia e expresións culturais: para contribuírmos a esta competencia, visualizaremos discursos de oradores de diferentes épocas e culturas.

Competencia matemática e en ciencia e tecnoloxía: como é evidente, a oratoria está tamén presente en conferencias de corte científico, coas que tamén traballaremos na aula.

Competencia cidadana: traballaremos a autoavaliación e a coavaliación, procuraremos interiorizar conceptos como a asertividade e a empatía.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	INTRODUCCIÓN Á ORATORIA	Introdución xeral á materia. Principais oradores e tratadistas clásicos. Xéneros da oratoria clásicos. Compoñentes do discurso persuasivo. Partes do discurso persuasivo.	10	10	X		
2	INTRODUCCIÓN AO DISCURSO PERSUASIVO ESCRITO	Tipoloxías textuais. Distinción entre texto argumentativo e persuasivo. Trazos lingüísticos. Contidos lóxicos e emocionais. Tipos de discurso persuasivo.	10	11	X		
3	INTRODUCCIÓN AO DISCURSO PERSUASIVO ORAL	Características da linguaxe oral. Xestión das emocións para falar en público. Análises de textos orais. Introdución aos catro principios do bo orador (autoconfianza, naturalidade, asertividade, empatía)	10	10	X		
4	A ESTRUCTURA DA ARGUMENTACIÓN	O argumento. As ideas principais e secundarias. A estrutura do texto argumentativo (dedutiva, indutiva, circular, enunciación e resolución). A dicción persuasiva (voz, ton, volume, ritmo, énfase). Linguaxe corporal e proxémica. Proxecto final de trimestre.	10	11	X		
5	TIPOS DE ARGUMENTOS. VALORES	Tipos de argumentos: mediante exemplos, por analogía, de autoridade, baseado en causas. A veracidade da argumentación.	10	10		X	
6	AS FALACIAS. A MEMORIZACIÓN.	Que é unha falacia. Análise das principais falacias (home de palla, ad verecundiam,	10	11		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	AS FALACIAS. A MEMORIZACIÓN.	ad hominem, ad populum, falso dilema). Principais regrase mnemotécnicas (rimas e frases, relato, cadea, imaxes mentais, cancións, acrónimos, asociacións...)	10	11		X	
7	COHERENCIA, COHESIÓN E ADECUACIÓN	Recursos lingüísticos do discurso persuasivo (coherencia: orde, selección e forma; cohesión: relación entre elementos: adecuación á situación comunicativa).	10	10		X	
8	OS RECURSOS ESTILÍSTICOS	Recursos léxico-semánticos, recursos gramaticais e morfosintácticos. Busca de información en fontes fiables. Criterios de selección da información. Xestión e ordenación da información. Emprego de ferramentas informáticas e audiovisuais na presentación oral.	10	11		X	X
9	TIPOS DE DEBATE	Concepto de debate, historia e tipos de debate. Obxectivos do debate académico.	10	10			X
10	O DEBATE ACADÉMICO	As figuras principais do debate académico: introdutor, refutador, encargado da conclusión. O torneo.	10	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	INTRODUCCIÓN Á ORATORIA	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Distingue período clásico (Grecia, Roma), medieval e moderno. Coñece oradores máis destacados. Distingue xéneros clásicos. Distingue compoñentes discurso persuasivo.	PE	60
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	Distingue a diferenza entre oratoria, retórica e dialéctica.		
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Distingue tese principal e argumentos en textos sinxelos.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Distingue información de opinión en textos sinxelos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Entende o contexto comunicativo dado e a súa creación adáptase a el.	TI	40
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Desenvolve eficazmente discursos sinxelos en público		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Distingue as emocións básicas e aprende a emulalas.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Autoavalía a pronuncia co propósito de mellorar.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Coñece os recursos básicos da linguaxe corporal e da proxémica.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Aprende a escoitar de xeito cortés, non interrompe e realiza preguntas pertinentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Adecuación do discurso ao contexto. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Proxémica: espazo escénico.

UD	Título da UD	Duración
2	INTRODUCCIÓN AO DISCURSO PERSUASIVO ESCRITO	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Recoñece os argumentos lóxicos e os emocionais.	PE	55
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Comprende a tese de distintos textos sinxelos.		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Comprende a forma básica dun texto persuasivo clásico e algún dos seus recursos.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Distingue as opinións en textos sinxelos.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Distingue o texto argumentativo do persuasivo.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Coñece os recursos básicos para a revisión dos textos e aplicaos (diccionario, sinónimos).	TI	45
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Expón discursos sinxelos en público.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Recoñece as emocións negativas e distintos recursos para manexalas.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Autoavalía a propia pronuncia co obxectivo de melloralala.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Recoñece e pon en práctica algúns dos recursos da linguaxe corporal e da proxémica.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Aprende a escoitar de xeito cortés, non interrompe e realiza preguntas pertinentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Proxémica: espazo escénico. - Naturalidade fronte a artificiosidade.

UD	Título da UD	Duración
3	INTRODUCCIÓN AO DISCURSO PERSUASIVO ORAL	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Recoñece e emprega argumentos lóxicos e os emocionais.	TI	100
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	É capaz de comprender a tese principal de textos persuasivos sinxelos vistos na aula ou pronunciados polos seus compañeiros/as		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valora a forma de textos persuasivos sinxelos e a súa eficacia vistos na aula ou pronunciados polos seus compañeiros/as		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Crea textos sinxelos mesturando información e opinións persoas e é capaz de distinguir as súas partes.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Adapta o discurso a distintas situacións dadas previamente empregando os recursos vistos na aula.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Emprega argumentos emocionais e lóxicos e distíngueos entre si.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Expón textos sinxelos ante situacións dadas diante do grupo.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Distingue as emocións negativas e coñece recursos para transformalas.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Autoavalíase e é capaz de distinguir erros propios para a súa melloraEmpre		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Emprega algúns recursos da linguaxe corporal e evita condutas estereotipadas.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Aprende a escoitar de xeito cortés, non interrompe e realiza preguntas pertinentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Adecuación do discurso ao contexto. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Proxémica: espazo escénico.

UD	Título da UD	Duración
4	A ESTRUTURA DA ARGUMENTACIÓN	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Comprende textos persuasivos sinxelos identificando a tese e os distintos tipos de argumentos.	PE	20
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	É capaz de reproducir as diferentes estruturas (dedutiva, indutiva, circular) en exemplos propios sinxelos.		
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Identifica ideas principais e secundarias. Coñece os diferentes tipos de estrutura (dedutiva, indutiva, circular...)	TI	80
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Elabora argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas sinxelas.		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Aprende a distinguir fontes fiables (académicas, oficiais) de outras que non o son.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Investiga coa supervisión docente sobre un tema obxecto da súa presentación do proxecto final de trimestre.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Emprega informacións e opinións no seu proxecto final de trimestre.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Avalía a fiabilidade de distintas fontes empregadas no seu proxecto.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Emprega con naturalidade argumentos lóxicos e emocionais no seu proxecto.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Redacta o seu proxecto con corrección lingüística, valéndose da autocorrección, de dicionarios e de correccións entre iguais. Emprega recursos vistos na aula para esa fin.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Revisa o texto final con axuda docente.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Emprega un esquema para a presentación do seu proxecto e aprende progresivamente técnicas para non ter que empregalo en futuras ocasións.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Realiza a presentación do seu proxecto nun contexto formal. Evita condutas habituais (risos, baixar volume, falar consigo mesmo...)		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	É capaz de neutralizar as emocións negativas.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Percíbese mellora na pronuncia e na claridade. É capaz de detectar aqueles aspectos en que erra.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Emprega as mans e as expresións faciais para a presentación do proxecto. Non reproduce condutas estereotipadas (como o balanceo).		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Emprega diapositivas como recurso de apoio ao seu discurso.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Aprende a escoitar de xeito cortés, non interrompe e realiza preguntas pertinentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais.

Contidos

- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.
- Documentación e investigación. Alfabetización mediática.
- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).
- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación
- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.
- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.
- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.
- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.
- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.
- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.
- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.

UD	Título da UD	Duración
5	TIPOS DE ARGUMENTOS. VALORES	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Comprende, identifica a tese e os distintos tipos de argumentos empregados en textos sinxelos.	PE	65
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Distingue información de opinión en textos sinxelos.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Recoñece os distintos tipos de argumentos (mediante exemplos, por analogía, de autoridade, baseado en causas). Reflexiona sobre a veracidade.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Redacta o seu proxecto con corrección lingüística, valéndose da autocorrección, de dicionarios e de correccións entre iguais. Emprega os distintos tipos de argumentos vistos na unidade.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Resolve exposicións de distinto tipo en grupo.	TI	35
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	É capaz de neutralizar as emocións negativas diante do público.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	É capaz de incorporar a expresividade ao seu discurso. Recoñece erros de pronuncia.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Entende que a presentación ante o público é un elemento importante e ensaia diversas fórmulas.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Aprende a escoitar de xeito cortés, non interrompe e realiza preguntas pertinentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).

Contidos
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Proxémica: espazo escénico.

UD	Título da UD	Duración
6	AS FALACIAS. A MEMORIZACIÓN.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Comprende discursos persuasivos con maior complexidade identificando a tese e os argumentos.	PE	53
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Aprende que é unha falacia e algúns tipos (home de valla, ad hominem, ad populum, falso dilema...)		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Coñece as principais regras mnemotécnicas (as rimas e frases, o relato, as imaxes mentais, os acrónimos, as asociacións...)		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Distingue información de opinión en textos de maior complexidade.	TI	47
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Emprega nas pequenas exposicións de aula argumentos lóxicos, emocionais, estruturas determinadas, voz, volume...		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Realiza exposicións sinxelas valéndose dalgunha das estratexias vistas na clase.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	É capaz de neutralizar as emocións negativas diante do público.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronuncia con corrección, claridade e expresividade. Aprende a empregar os silencios.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Entende que a xestualidade facial é un potente recurso de persuasión.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Aprende a escoitar de xeito cortés, non interrompe e realiza preguntas pertinentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Interiorización do discurso. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Proxémica: espazo escénico.

UD	Título da UD	Duración
7	COHERENCIA, COHESIÓN E ADECUACIÓN	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Recoñece o propósito, tese e tipos de argumentos ante textos de dificultade moderada.	PE	20
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Coñece mecanismos de coherencia, cohesión e adecuación. Mecanismos léxico-semánticos, morfosintácticos e conectores.		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Emprega os recursos vistos na aula (tanto do escrito como do oral) para realizar o proxecto final de trimestre	TI	80
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Incorpora contraargumentos no seu proxecto final para defender a súa propia postura.		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Realiza un traballo de investigación empregando distintas fontes documentais.		
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para aprofundar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Investiga o tratamento do mesmo tema en distintas fontes e emprega a que considera máis fiable.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Distingue información de opinión en textos de dificultade moderada. Incorpora na súa exposición, de xeito consciente, informacións e opinións.		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Xestiona a información desde un punto de vista crítico que respecta os principios de propiedade intelectual.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Entende o contexto comunicativo dado e a súa creación adáptase a el.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Emprega os recursos vistos na aula (argumentos lóxicos, información contrastada, disposición) e acompañaos dunha dicción acorde tendo en conta volume e pausas.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Redacta o discurso de forma correcta (valéndose de diccionario, correccións entre iguais e axuda docente).		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Aplica a adecuación en diversas situacións dadas previamente.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Logra transmitir empatía e naturalidade.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronuncia con corrección, claridade e expresividade. Aprende a modular o volume.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Emprega a xestualidade facial como recurso de persuasión.		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	É capaz de realizar unha presentación que empregue como guía no seu proxecto, empregando os seus coñecementos previos.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Aprende a escoitar de xeito cortés, non interrompe e realiza preguntas pertinentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística. - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. - Proxémica: espazo escénico. - Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.

UD	Título da UD	Duración
8	OS RECURSOS ESTILÍSTICOS	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Comprende discursos persuasivos de dificultade maior, identificando o propósito, a tese e distintos argumentos.	PE	55
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Distingue información de opinión en discursos propios e alleos.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Figuras retóricas: recursos léxico-semánticos; recursos gramaticais e morfosintácticos.		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Valéndonos dos coñecementos previos, deberán desenvolver criterios para buscar información en fontes fiables.	TI	45
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Valéndonos dos coñecementos previos, deberán desenvolver criterios para seleccionar fontes de información. Xestionar e ordenar a información. Citas.		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Adapta o discurso a distintas situacións contextuais dadas previamente.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Realiza exposicións de maior complexidade valéndose dalgunha das estratexias vistas na clase.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Logra realizar exposición transmitindo empatía, naturalidade e autoconfianza.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronuncia con corrección, claridade e expresividade. Aprende a modular o ritmo.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Emprega a mirada como recurso expresivo.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Aprende a escoitar de xeito cortés, non interrompe e realiza preguntas pertinentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Adecuación do discurso ao contexto. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Proxémica: espazo escénico.

UD	Título da UD	Duración
9	TIPOS DE DEBATE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Recoñece o propósito, tese e tipos de argumentos ante textos de dificultade moderada.	PE	45
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Concepto do debate. Historia e tipos de debate. O debate académico.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Diferencia información de opinión e emprégaas nos seus discursos.	TI	55
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Realiza intervencións en debates de pouca complexidade.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Logra realizar exposición transmitindo empatía, naturalidade, autoconfianza e asertividade.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronuncia con corrección, claridade e expresividade. Aprende a modular a énfase.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Emprega os movementos en escena como recurso expresivo.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Aprende a escoitar de xeito cortés, non interrompe e realiza preguntas pertinentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Corrección lingüística. - Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Proxémica: espazo escénico. - O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

UD	Título da UD	Duración
10	O DEBATE ACADÉMICO	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Comprende discursos persuasivos de dificultade maior, identificando o propósito, a tese e distintos argumentos.	PE	35
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Avalía e explica correctamente, segundo o visto na aula, qué información resulta fiable e cal non.		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	É capaz de reproducir as distintas estruturas do texto argumentativo de xeito creativo (empregando figuras retóricas).		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Os roles do debate académico: introdutor, erfudador, conclusión. Torneo		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Emprega os recursos vistos na aula (fundamentalmente os relacionados coa oralidade) para realizar o proxecto final de trimestre	TI	65
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Elabora con carácter previo ao proxecto final unha listaxe complexa de argumentos e contraargumentos.		
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Realiza traballo de investigación empregando distintas fontes documentais valorando a súa fiabilidade tendo en conta o visto nas aulas.		
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Localiza fontes diversas para preparar os seus discursos atendendo aso criterios vistos nas aulas. Citan correctamente.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Distingue información de opinión en textos propios e alleos.		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Reproduce as distintas estruturas do texto argumentativo		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	É capaz de memorizar os eixos claros dun debate sinxelo e teno o suficientemente preparado para refutar, de xeito espontáneo.		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Realiza intervencións de temas sinxelos pero lingüísticamente de maior complexidade.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	É capaz de transmitir asertividade, autoconfianza, naturalidade e empatía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronuncia con corrección, claridade e expresividade. Modula o ton, o volume o ritmo e a énfase.		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Válese da xestualidade (mirada, uso de mans, expresións faciais) para transmitir eficazmente a súa intervención.		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Aprende a escoitar de xeito cortés, non interrompe e realiza preguntas pertinentes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Documentación e investigación. Alfabetización mediática. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. - Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio. - Interiorización do discurso. - Habilidades de comunicación non verbal e xestual. - Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade). - Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade). - Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. - Proxémica: espazo escénico. - Naturalidade fronte a artificiosidade. - O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía adoptada para este plan docente vén determinada por un sistema de ensino e aprendizaxe en clave competencial. A continuación expoñemos as súas liñas principais:

- Aplicarase un enfoque interdisciplinario que determinará a oferta de materiais e actividades. Procurarase a comunicación co profesorado das demais materias para facilitar o tratamento de contidos, evitar a redundancia e promover a complementariedade.
- Secuenciaranse os contidos teórico-prácticos partindo dos máis accesibles e chegando aos máis complexos, tendo en conta o carácter progresivo da aprendizaxe competencial.
- Consideramos que todas as materias se deben afastar dos modelos tradicionais de ensino-aprendizaxe en que as/os docentes imparten contidos teóricos que deben ser asumidos polo alumnado. Moi especialmente unha materia coma esta debe ter en conta a práctica. Consecuentemente outórgaselle unha especial importancia ás pequenas exposicións ao longo do curso, que culminarán cun proxecto ao final de cada trimestre onde se terán en conta as destrezas orais adquiridas por parte do alumnado.
- A materia será impartida e avaliada en lingua galega.
- Concibimos a aprendizaxe como un proceso colaborativo. En consecuencia, crearemos situacións en que o alumnado perciba que cando os resultados do grupo melloran, tamén melloran os individuais. Realizaremos estas prácticas coa frecuencia necesaria, impedindo a valoración entre iguais, para que o grupo acabe por naturalizalas e incorporalas ás súas rutinas, afastándose de visións xerárquicas ou de escenarios competitivos.
- Aproveitando as posibilidades que nos ofrecen as TIC, pero non só, proporemos a realización de actividades cooperativas con mecanismos que potencien un traballo realmente grupal fronte á suma agrupada de traballos individuais.
- Para promover a motivación do alumnado empregaremos, nalgúns casos, actividades, tanto técnicas de ludificación como de clase invertida (motivación pola vía da responsabilidade).
- En momentos determinados, e en función da situación ou da evolución do alumnado, valorarase a posibilidade de aplicar titorías entre iguais e daremos especial importancia a autoavaliación e á coavaliación.
- Para facilitar a aprendizaxe significativa, teremos en conta sempre os coñecementos previos do alumnado, garantindo unha progresión axeitada que implique a compoñente motivacional pola vía da consecución de obxectivos. Sempre que sexa posible, traballarase desde unha perspectiva multidisciplinar, o que axudará a que o alumnado mellore a súa capacidade de abstracción e a que entenda como útiles os coñecementos adquiridos nas diferentes materias.
- En consonancia con esta multidisciplinidade, empregaremos textos de diversa procedencia que funcionarán como exemplo dos diferentes usos lingüísticos que implican situacións variadas e concretas.
- As TIC, que se consideran xa adquiridas en nativos dixitais, terán tamén a súa presenza na aula. Máis alá dos recursos mencionados anteriormente, centrarémonos en fornecer ferramentas que garantan o consumo de contidos na rede de maneira segura e eficaz; ofrecendo estratexias para evitar, por exemplo, a asunción das noticias falsas.
- Promoveranse o respecto pola diversidade e a riqueza lingüística, especialmente de linguas próximas como o portugués.
- Potenciarase de forma especial a igualdade entre mulleres e homes. A linguaxe que se empregue, os materiais e textos seleccionados (por contido e autoría) ou a asignación de roles nos traballos de grupo axustaranse sempre a esta intención.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos didácticos e materiais

Para o desenvolvemento da materia precisaremos os seguintes recursos didácticos:

- Materiais de elaboración propia teóricos e prácticos
- Canle de Youtube e de Vimeo
- Textos en diferentes formatos e de diversa procedencia
- Páxinas de xornais
- Dicionarios

- Carteis publicitarios
- Edixgal
- Radio do centro

Para alén dos mencionados tamén botaremos man de materiais funxibles: bolígrafos, lapis, folios, mesas e cadeiras independentes e non ancoradas, pc e proxector de aula, pc do alumnado, fotocopiadora do centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as dúas primeiras semanas realizaremos un labor de observación que se concretará especialmente en tres liñas:

- Valoración do traballo na aula do alumnado. Comprobaremos se existen problemas de atención ou concentración.
- Revisión dos cadernos durante as sesións para verificar que toman apuntamentos de calidade
- Realización dunha serie de actividades de tipo oral para comprobar dificultades (medo escénico, pronuncia, ordenación do discurso...), potencialidades e fortalezas.

AVALIACIÓN INICIAL:

- Despois de impartir o "Curso 0 de oratoria" onde facemos un repaso xeral da estrutura do discurso e dos seus aspectos máis importantes, realizarase unha exposición oral para avaliar, coavaliar e autoavaliar a interiorización deses aspectos. Pretendemos comprobar os puntos en que se deben incidir máis, para alén de observar a capacidade efectiva de escoita do alumnado e a súa propia análise.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Proba escrita	60	55	0	20	65	53	20	55	45	35
Táboa de indicadores	40	45	100	80	35	47	80	45	55	65

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	41
Táboa de indicadores	59

Criterios de cualificación:

A avaliación realizarase en función das seguintes porcentaxes:

- PROBA ESCRITA (teórica -sobre os contidos vistos na clase- e práctica -comprensión-) 30%. Avaliación mediante rúbrica.
- PROBAS ORAIS (pequenas exposicións na aula en lingua galega + proxecto final) 40%. Avaliación mediante escalas de observación.
- TRABALLO DIARIO 30%. O traballo diario será avaliado mediante escalas de observación.

Cráterios de recuperación:

Aquel alumnado que non supere algunha das partes poderá recuperala da seguinte maneira:

PROBA ESCRITA: realización de outra proba ao regreso das vacacións.

PROBAS ORAIS: avaliación continua (se o alumnado supera o seguinte trimestre, entenderemos que superou o anterior)

TRABALLO DIARIO:

- tarefas/caderno: avaliación continua (se o alumnado supera o seguinte trimestre, entenderemos que superou o anterior)
- memoria das exposicións: se o alumnado non supera a memoria, terá a oportunidade de volvela facer durante o período vacacional
- traballo na aula: avaliación continua (se o alumnado supera o seguinte trimestre, entenderemos que superou o anterior).

AVALIACIÓN FINAL

No caso do alumnado que no terceiro trimestre non teña superada a materia, realizaranse as seguintes probas de recuperación:

- PROBA ESCRITA: 50%
- EXPOSICIÓN ORAL: 50%

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non existe alumnado repetidor.

6. Medidas de atención á diversidade

Co alumnado con NEEE seguiranse as indicacións recibidas do Departamento de Orientación. E en xeral adoptaranse, sempre que for posíbel, as seguintes medidas:

Dentro da aula

- Sentarse cerca da mesa do profesorado e lonxe de portas, fiestras, papeleiras e lugares de maior tránsito.
- Enriba da mesa só estarán os materiais que necesite para realizar a tarefa, e, ao remate, deberá recollelos e gardalos, e hase de evitar que acabe xogando con eles e convertendo a mesa nun pequeno taller.
- Manter un ambiente estruturado, motivador e con rutinas predicíbeis axudará a que o alumnado se sinta seguro e saiba que ten que facer en cada momento.
- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Utilizar estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación, xesticulación.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira co que poida realizar as tarefas de maneira colaborativa.
- Non sobrecargar de tarefas para a casa, e seleccionar ben aquelas que se consideren máis importantes.

O profesorado para compensar as dificultades na memoria de traballo que ten este alumnado e a escasa duración temporal nas súas Estratexias expositivas debe :

- Antes de empezar, asegurarse que atende e focalizar a atención nos conceptos "clave".
- Manter o contacto visual, permanecer cerca, promover a súa participación con preguntas sinxelas. - Utilizar estratexias de categorización e imaxes mentais de conceptos.

Exames ou probas escritas. Para mellorar o éxito das probas escritas é necesario:

- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación, complementar os exames escritos de forma oral cando se observa que están incompletos.
- Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos, e comprobar que contestou a todo. Esquécese de darlles a volta ás follas dos exames.

Para os seus trastornos de conduta

- Evitar as recriminacións verbais, corrixir en privado e felicitar en público.
- Ignorar os comportamentos de chamadas de atención que non son moi molestos.
- Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos.
- Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumprimento dalgunha norma.
- Anticiparse e prever situacións que poidan presentar problemas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
	UD 9	UD 10						

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
RADIO TURONIO	O alumnado coñecerá a radio do centro e deberá achegar algunha proposta		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
AVALIACIÓN DOCENTE
AVALIACIÓN UNIDADES DIDÁCTICAS

Descrición:

AVALIACIÓN DOCENTE

- Puntualidade na entrada e saída das clases
- Respecta o alumnado
- Acepta propostas do alumnado
- Propón exercicios prácticos relacionados coa teoría
- Comunícase dunha maneira clara e fácil de entender
- Realiza materiais de apoio coherentes e útiles para o alumnado
- Relaciona as prácticas con situacións cotiás vitais e con outras materias
- Prepara as clases previamente
- Promove o interese e a participación do alumnado.
- Realiza traballo de asesoramento
- Crea un bo ambiente na aula
- Informa sobre procesos de avaliación
- Demostra interesarse pola materia

AVALIACIÓN UNIDADES DIDÁCTICAS

- Realiza propostas de mellora en función dos intereses do alumnado
- Realiza contidos axeitados para o nivel do alumnado
- Relaciona o contido coas súas aplicacións prácticas
- Realización de consultas á profesora
- Participación nas clases
- Realiza exposicións orais incorporando os contidos teóricos vistos na aula
- Encontra coherencia entre o traballo realizado e a avaliación

Realizarase unha autoavaliación e unha avaliación por parte do alumnado ao finalizar cada trimestre mediante unha escala de 1 a 5.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación debe ser unha ferramenta flexible, unha guía que será continuamente avaliada pola docente e polo propio alumnado para adaptala ás necesidades educativas da aula. Esta adaptación poderá consistir, se os datos así o recomentan, non só na reformulación de actividades, senón tamén na maneira de expor os contidos.

Para a consecución deste obxectivo:

- 1) Realizarase unha avaliación do docente por parte do alumnado ao final de cada trimestre.
- 2) Realizarase unha autavaliación das unidades didácticas.
- 3) A docente realizará un exercicio de autoavaliación despois de cada proba escrita e de cada avaliación trimestral.

En función dos resultados, realizaranse os cambios ou as adaptacións pertinentes nesta programación.

9. Outros apartados